

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do ____ de ____ de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
--

TEXTO:

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no artigo 13.3 e 13.4 como nos artigos 30.5 e 30.6, e 31.5 e 31.6, establece a posibilidade de que a consellería con competencias en materia de educación poida ofrecer materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido de libre configuración.

En virtude da citada habilitación normativa ditáronse, respectivamente, a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, a Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta e a Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Co obxecto de seguir incrementando as opcións de elección dos centros docentes, dentro do seu marco de autonomía, e do seu alumnado, amplíase o número de materias de libre configuración autonómica, de xeito que se adecúen aos proxectos educativos dos centros docentes ao tempo que se desenvolven as competencias clave e os elementos transversais.

En consecuencia, de conformidade co exposto e no uso da habilitación normativa que figura na disposición derradeira segunda do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, como conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ACORDO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta orde ten por obxecto ampliar a relación de materias de libre configuración autonómica propostas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e elixibles polos centros docentes dentro do horario de libre configuración en educación secundaria obrigatoria e bacharelato, así como regular o seu currículo e a súa oferta.
2. Esta orde será de aplicación en todos os centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan as ensinanzas mencionadas.

Artigo 2. Novas materias de libre configuración autonómica elixibles

1. Os centros docentes, ademais das materias establecidas na Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, na Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta e na Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta; poderán ofrecer, en función da dispoñibilidade dos recursos e da organización do centro, as seguintes materias: Sociedade Inclusiva e Coeducación para o Século XXI.
2. A materia de Sociedade Inclusiva poderá ofrecerse en primeiro e/ou segundo curso de educación secundaria obrigatoria. O alumnado poderá cursala nun dos cursos segundo a oferta establecida polo centro docente. De acordo co establecido no artigo 3.2 da Orde do 15 de xullo de 2015 esta materia terá unha carga horaria dun período lectivo semanal.
3. A materia de Coeducación para o Século XXI poderá ofrecerse en primeiro curso de bacharelato. De acordo co establecido no artigo 3.4 da Orde do 15 de xullo de 2015, esta materia terá unha carga horaria de dous períodos lectivos semanais.
4. Os requisitos para a oferta das materias por parte dos centros docentes serán os establecidos no artigo 4 da Orde de 15 de xullo de 2015.
5. Como anexo a esta orde inclúese o currículo das novas materias de libre configuración autonómica sinaladas nos puntos 2 e 3 deste artigo.

Disposicións derradeiras

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento

Facúltase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os acordos e ditar as resolucións que consideren oportunas no desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, __ de ____ de 2018

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA DE ELECCIÓN PARA OS CENTROS DOCENTES EN **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

Sociedade Inclusiva

Introdución

A inclusión, como principio fundamental do noso sistema educativo, está presente en diferentes documentos como na Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948, art. 26), na declaración de Incheon da UNESCO (2016), na Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (2006), na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa (LOMCE), e no Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Pero para unha inclusión real non abonda con que figure na norma, precisamos que do convencemento da comunidade educativa e da sociedade en xeral xurdan accións como a planificación e implementación de accións e proxectos que garantan unha sociedade plenamente inclusiva. A igualdade de oportunidades para todas as persoas require a implicación e o compromiso social de moi diferentes axentes, entre eles a comunidade educativa, para garantir os recursos e os contextos sociais que, desde o deseño universal, sexan equitativos e xustos.

Unha sociedade inclusiva é aquela que se apoia na convicción de que todas as persoas poden desenvolverse plenamente cando se lles outorgan as oportunidades de aprendizaxe axeitadas, cando se estimulan as capacidades e responsabilidades sociais na escola, pero tamén nos contornos sociais e ao longo de toda a vida, traballando en colaboración coas familias e outros membros da comunidade.

Para acadar este proxecto social inclusivo precísanse cidadáns e cidadás activos, participativos e comprometidos coa inclusión plena e real. Polo tanto esta materia vai encamiñada á construción dun pensamento social crítico que teña o seu reflexo no contorno próximo do alumnado.

Os diferentes bloques que constitúen a materia enténdense como unha espiral na que se parte do concreto, simple e próximo ata analizar a realidade do contorno e actuar sobre ela para melloralala. Trátase, polo tanto, dunha materia proactiva que precisa dunha metodoloxía dialóxica, de participación e construción conxunta do coñecemento, de descubrimento, de aprendizaxe baseada en proxectos e, en resumo, de experiencia vital e social vinculada ao contorno educativo e social do alumnado. Neste sentido, contar coas vivencias de diferentes

persoas é especialmente valioso para enriquecer a mirada e potenciar a empatía de cara a unha sociedade inclusiva.

No primeiro bloque, “A diversidade como valor social”, analízase o concepto de diversidade desde unha perspectiva comunitaria, como factor de enriquecemento e de crecemento persoal e colectivo. Pártese dunha visión positiva da diferenza fronte aos prexuízos que poden coartar as nosas expectativas con respecto a nós mesmos e aos demais. O autocoñecemento e a autoaceptación, como elementos de desenvolvemento emocional claves na escola, trabállanse desde unha visión inclusiva. Finalmente reflexiónase sobre os apoios necesarios e sobre como estes son flexibles e variables, dependendo de cada persoa e de cada momento vital, ambiente ou situación. Os apoios como elemento de xustiza social, en suma, permiten darlle a cada persoa o que necesita en lugar de dar a todas as persoas o mesmo. Así, este primeiro bloque está centrado en cambiar a mirada coa que se observa os demais e o contorno, facéndoa máis rica e sensible.

No segundo bloque, “A accesibilidade universal” e a inclusión, cobran relevancia as cuestións vinculadas á accesibilidade universal propiamente dita. A identificación e eliminación de barreiras de todo tipo, tanto desde accións de accesibilidade como desde un axeitado deseño universal ou para todos e todas, permite unha análise máis fina das potencialidades e necesidades das diferentes persoas e de como os contornos físicos, organizativos e sociais lles dan resposta. Analízase se as diferentes respostas favorecen ou dificultan a inclusión e a construción dunha cultura colectiva inclusiva. Reflexiónase tamén sobre a diversidade na familia e sobre como os contornos familiares, pola súa proximidade, poden axudar a centrar as cuestións clave da accesibilidade.

Finalmente o terceiro bloque, “O contorno inclusivo”, céntrase na aplicación práctica, isto é, na abordaxe de proxectos de análise e intervención sobre o contorno, desde o nivel máis pequeno e próximo das actividades ata a intervención en contornos sociais amplos como o barrio ou o concello contando co papel relevante do asociacionismo e do voluntariado. O seu obxectivo é integrar e poñer en acción todos os contidos tanto conceptuais como procedementais e actitudinais que, mobilizados de xeito efectivo, supoñen o desenvolvemento das competencias clave do alumnado. Supón tamén unha invitación á participación da comunidade no proceso educativo favorecendo o exercicio dos dereitos e deberes do alumnado como cidadanía activa e responsable.

O desenvolvemento dos bloques non ten que seguir unha orde cronolóxica senón que, en función da metodoloxía empregada e das actividades programadas, poden intercalarse para configurar proxectos de traballo, aprendizaxe-servizo e aprendizaxe colaborativa.

Sociedade inclusiva (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 1. A diversidade como valor social				
- c - h - m	B1.1 O concepto de diversidade. A diversidade como conxunto de características das persoas: diversidade social, cultural, funcional, de xénero, afectivo-sexual etc.	B1.1 Recoñecer e comprender a propia diversidade e a dos demais, interpretando a realidade a través das diferenzas.	SI B1.1.1 Explica mediante exemplos tirados da vida cotiá, os tipos de diversidade referidos a si mesmo e aos demais.	CSC CCL
			SI B1.1.2 Deduce, desde o respecto, en base a informacións variadas, as diferentes sensibilidades derivadas da diversidade.	CCEC CAA
		B1.2 Recoñecer o concepto de diversidade funcional e os seus diferentes tipos: física ou motora, sensorial, psíquica e intelectual.	SI B1.2.1 Expón unha visión xeral dos diferentes tipos de diversidade funcional e as súas principais características.	CMCCT
- a - g	B1.2 As persoas e as súas diferenzas. A diferenza como valor social enriquecedor. A empatía e a súa importancia para a socialización.	B1.3 Fundamentar o valor da diferenza como elemento enriquecedor.	SI B1.3.1 Identifica as diferenzas e valora o papel que teñen como elemento enriquecedor.	CCEC
			SI B1.3.2 É quen de poñerse no lugar do outro en situacións discursivas, dramatizacións e xogos de rol para amosar as diferenzas como elementos impulsores de procesos de mellora.	CSIEE CCL
- d - e - l	B1.3 Os prexuízos como factor limitador para o desenvolvemento social. A construción social desde o coñecemento e a comprensión dos demais.	B1.4 Recoñecer os propios prexuízos cara a un mesmo e aos demais en contraposición ás características reais das persoas e valorar o impacto que teñen no desenvolvemento persoal e social destas.	SI B1.4.1 Describe os seus propios prexuízos cara a características diversas como as diferenzas en mobilidade, xénero, raza...	CCL
			SI B1.4.2 Busca e compara as características reais de diferentes persoas fronte ás ideas baseadas nos seus propios prexuízos e analiza o impacto destes nas expectativas.	CSC CD CCEC
- g - h - m	B1.4 O coñecemento das fortalezas e necesidades de todas as persoas para facilitarles o máximo desenvolvemento posible.	B1.5 Recoñecer as fortalezas e capacidades ademais das necesidades de todas as persoas, independentemente da súa condición.	SI B1.5.1 Describe e valora as fortalezas, debilidades e necesidades propias e dos/das demais.	CSIEE CCL
- a - c - m	B1.5 Os apoios necesarios adaptados á persoa concreta. A importancia do trato á persoa de acordo coas súas características: idade cronolóxica, potencialidades etc.	B1.6 Coñecer os diferentes apoios (comunicativos, de mobilidade, cognitivos etc.) e demostrar a súa necesidade.	SI B1.6.1 Aplica o concepto de apoio e é quen de xustificar a súa natureza e necesidade.	CSC CCL CMCCT

Sociedade inclusiva (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
		B1.7 Reflexionar sobre a igualdade de trato e relacionala coa xustiza social.	SI B1.7.1 Pon exemplos de igualdade de trato dos que deducir que é un factor impulsor da igualdade de oportunidades.	CSIEE CSC
		B1.8 Analizar en positivo a necesidade dos apoios segundo cada persoa.	SI B1.8.1 Analiza de xeito crítico exemplos de necesidade e pertinencia dos diferentes apoios en función de destinatarios concretos.	CAA CCL
Bloque 2. A accesibilidade universal e a inclusión				
• l • ñ	B2.1 O concepto de inclusión como evolución de integración. A segregación en relación á equidade e igualdade de oportunidades.	B2.1 Coñecer e exemplificar os conceptos de inclusión, normalización, integración e segregación en todos os ámbitos.	SI B2.1.1 Utiliza o concepto de inclusión, fronte a segregación e integración, a través de exemplos de medidas adoptadas en situacións da vida diaria para solucionar problemas cotiáns.	CSC
			SI B2.1.2 Explica a relación que existe entre a normalización e a inclusión e ilústraa con exemplos prácticos.	CCL CSIEE
		B2.2 Interpretar o significado do concepto de inclusión de xeito positivo, relacionado coa equidade e a igualdade de oportunidades.	SI B2.2.1 Identifica boas prácticas inclusivas no seu centro e na súa contorna, e relaciónaas coa equidade e a igualdade de oportunidades.	CSC CCEC
• c • e • m	B2.2 A accesibilidade universal como elemento necesario para o desenvolvemento de todas as persoas.	B2.3 Comprender o concepto de accesibilidade universal e a súa importancia para o desenvolvemento de todas as persoas.	SI B2.3.1 Aplica o concepto de accesibilidade universal para expresar relacións de equidade e igualdade de oportunidades.	CSIEE CMCCT
• f • g • m	B2.3 O contorno como verdadeira posibilidade para comprender a necesidade da accesibilidade universal e os beneficios para a comunidade. Tipos de barreiras (físicas, de comunicación, cognitivas, actitudinais, organizativas etc.).	B2.4 Recoñecer e analizar as diferentes barreiras que dificultan a accesibilidade universal e participación da persoa en calquera ámbito.	SI B2.4.1 Identifica, desde unha actitude construtiva, barreiras no seu centro e na súa contorna, e analiza como poden afectar a cada unha das persoas.	CMCCT CD
			SI B2.4.2 Valora as vantaxes sociais que representa para todas as persoas a dispoñibilidade de apoios e recursos accesibles.	CSC CCEC
• e • f • g	B2.4 Medidas ou accións que promoven a inclusión. A lingua de signos, lectura fácil/accesible, sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC), Braille, accesibilidade web, accesibilidade física e sensorial etc.	B2.5 Identificar e recoñecer os principais recursos existentes para eliminar os diversos tipos de barreiras.	SI B2.5.1 Coñece a existencia de diferentes sistemas e métodos de comunicación.	CMCCT CD
			SI B2.5.2 Identifica e valora a utilidade das diferentes posibilidades en materia de accesibilidade universal en función das características de cada persoa, e valora a súa utilidade e	CMCCT CD

Sociedade inclusiva (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			necesidade.	
- c - e - f - g	B2.5 O deseño universal, un deseño para todos e todas.	B2.6 Comprender como un axeitado deseño de recursos, actividades etc., favorece a plena inclusión e facilita o acceso de todas as persoas.	SI B2.6.1 Identifica factores que favorecen o deseño universal como as opcións de personalización e a flexibilidade dos produtos, servizos etc.	CMCCT CD
		B2.7 Formular alternativas de accesibilidade ante as barreiras identificadas.	SI B2.7.1 Propón melloras encamiñadas ao deseño universal dos produtos, servizos etc., tendo en conta a opinión dos e das demais e, nomeadamente, das persoas usuarias deles.	CSIEE CSC
- a - c - m	B2.6 A diversidade e a accesibilidade no contorno familiar.	B2.8 Recoñecer e valorar na súa propia familia as vantaxes e necesidades que presentan as diferentes persoas.	SI B2.8.1 Identifica necesidades diferenciais no seu contorno familiar, con especial atención ás persoas maiores, á infancia, persoas con discapacidade, entre outros colectivos.	CSC CAA
			SI B2.8.2. Valora e pon exemplos de como estes diferentes focos de atención axudan a ver dunha maneira máis enriquecedora o mundo.	CSC CCL
Bloque 3. O contorno inclusivo				
- b - c - d - n	B3.1 Actividades inclusivas (proxectos, xogos, dinámicas de grupo etc.) en contextos de aula, espazos lúdicos e actividades extraescolares e complementarias.	B3.1 Revisar as diferentes situacións e contextos das actividades para que garantan os principios de accesibilidade universal.	SI B3.1.1 Participa activamente en actividades desde a potenciación da inclusión.	CSC CSIEE
			SI B3.1.2 Propón vías de mellora de actividades para facelas máis inclusivas.	CSIEE CAA
			SI B3.1.3 Deseña e executa pequenas accións inclusivas.	CSIEE CAA
- b - d - e	B3.2 A aula e o centro educativo (servizos educativos e complementarios) como contextos inclusivos.	B3.2 Distinguir, comprender e vivenciar as accións que se levan a cabo no centro de cara a unha inclusión real.	SI B3.2.1 Busca información e comunica de xeito claro como o centro favorece a inclusión propoñendo medidas de mellora.	CAA CSIEE CCL
			SI B3.2.2 Apoia accións, se é necesario respectando as necesidades dos compañeiros e das compañeiras, valorando a súa subxectividade, para garantir a participación plena de todos e todas.	CCEC CAA
			SI B3.2.3 Experimenta, mediante actividades de simulación grupais, as necesidades das diferentes persoas, comunicando estas vivencias de xeito empático.	CCL

Sociedade inclusiva (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
				CSIEE
- a - d - e	B3.3 As asociacións, ONG, organizacións sociais etc., como axentes facilitadores da inclusión tanto nos centros educativos como no contorno social.	B3.3 Coñecer e valorar o traballo de asociacións, ONG e outras organizacións sociais que traballan a favor da inclusión.	SI B3.3.1 Contacta e dialoga con aquelas asociacións, ONG, organizacións sociais etc., do seu interese e afonda na análise de posibles dificultades ou áreas de mellora do seu contorno.	CAA CSIEE CCL CD
		B3.4 Aprender a vivir en comunidade desde o coñecemento doutros axentes sociais locais, valorando as diferentes accións e plans de voluntariado.	SI B3.4.1 Identifica a nivel persoal os seus propios valores e ponos en relación coas posibles achegas en materia de voluntariado.	CSIEE CSC
- b - d - f	B3.4 O contorno próximo (barrio, concello etc.) inclusivo.	B3.5 Coñecer e analizar criticamente os elementos do contorno que actúan como barreiras ou como facilitadores da inclusión.	SI B3.5.1 Explora o contorno, identifica elementos favorecedores e barreiras, e comunica os seus achados de modo rigoroso e claro.	CCEC CCL
			SI B3.5.2 Elabora, en base á exploración realizada, propostas de mellora desde o deseño universal, nun formato que permita a súa elevación ás autoridades competentes.	CSIEE CSC

ANEXO

MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA DE ELECCIÓN PARA OS
CENTROS DOCENTES EN **BACHARELATO**

Coeducación para o Século XXI

Introdución

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación establece que un dos fins do sistema educativo será a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

No ámbito normativo galego, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade dispón que a Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase a unha serie de especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación, entre as que se atopan:

- O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do seu papel na evolución histórica.
- A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias para a corresponsabilidade de homes e mulleres.
- O fomento das vocacións femininas ou masculinas con independencia da área á que se refiran, promovendo a presenza equilibrada e evitando as decisións profesionais derivadas de prexuizos.
- A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que a Xunta de Galicia desenvolverá e difundirá proxectos e materiais didácticos actualizados, dirixidos a todos os niveis educativos, que conteñan pautas de conduta que transmitan valores de respecto e igualdade, de xeito que se favoreza a prevención de actitudes e situacións violentas.

A materia de “Coeducación para o século XXI” é unha manifestación concreta dos mandatos

-

citados que contribúe á inclusión da igualdade de xénero e a prevención da violencia contra as mulleres no currículo do bacharelato, abordando o concepto de coeducación en toda a súa diversidade e en conexión directa coa inmediata realidade social. Deste xeito o coñecemento adquirido non se limita a un ámbito teórico, senón que se converte nunha ferramenta de comprensión da desigualdade por razón de xénero coa que analizar a evolución histórica e a situación actual e coa que reflexionar sobre todos os aspectos que cómpre mudar como condición necesaria para acadar unha plena igualdade de oportunidades e de inclusión das persoas na nosa sociedade.

O primeiro bloque, “Historia dos feminismos. Do patriarcado á reivindicación do principio de igualdade”, introduce a reflexión sobre o concepto de patriarcado para entender as causas das discriminacións que sufriron as mulleres ao longo da historia. Deseguido repásanse os sucesos máis destacados na historia da conquista dos dereitos das mulleres no contexto filosófico e ideolóxico do momento co fin de entender os debates e as polémicas de cada época. Trázase así unha xenealoxía feminista necesaria para reler os acontecementos históricos á luz das resistencias á consecución dos dereitos das mulleres. Así pois, este bloque permite trasladar a mirada crítica sobre a historia para reinterpretar o seu relato e para entender mellor o presente e as dificultades que aínda lastran os avances na ampliación dos dereitos ás mulleres como membros de pleno dereito na construción da cidadanía.

O segundo bloque “Feminidades e masculinidades. A construción de identidades igualitarias” procura unha reflexión sobre como o xeito de ser muller ou home segue a estar determinado por unha construción cultural que leva parella unha desigualdade social. Sobre este recoñecemento búscase que o alumnado deconstrúa moitas aprendizaxes baseadas en principios sexistas e, polo tanto, discriminatorios. A partir de aquí búscase a reflexión sobre a feminidade e a masculinidade co fin de ver como segundo o contexto xeográfico e histórico se poden ir determinando os perfís de modelos de muller e de home. Desde este recoñecemento, búscase axudar o alumnado, a través do compromiso persoal, a ir artellando o seu propio proxecto de vida, familiar e profesional libre de estereotipos desde unha posición de autoestima, de respecto pola diferenza e de empoderamento para conseguir os seus propios obxectivos como exemplo dun cambio social que procura mellorar as condicións de vida que limitan as posibilidades de realización, tanto no ámbito público como no privado, das mulleres e, en diferente medida, dos homes.

O terceiro bloque, “Expresión social da violencia contra as mulleres”, traballa o recoñecemento das distintas formas de violencia recoñecibles polo propio alumnado en distintos contextos e ámbitos co fin de poder facer unha valoración de conxunto que consiga trasladar o impacto que ten a día de hoxe a violencia de xénero en todo o mundo. A partir da análise dos distintos problemas atopados propónse un traballo persoal de procura de causas e solucións das que o alumnado poida participar activamente para contribuír a paliar as desigualdades como causas da violencia de xénero.

O cuarto bloque, “Proxecto coeducativo”, supón a elaboración dun proxecto, como produto final de materia, que consiste na posta en práctica de moitas das reflexións e aprendizaxes que se vaian desenvolvendo na aula ao longo do curso. Trátase de estudar un determinado ámbito e deseñar unha acción coeducativa que poida supoñer un cambio na vida do alumnado. Os temas seleccionados e obxecto deste traballo deben orientarse á consecución dunha

-

sociedade máis igualitaria. Para a realización do proxecto coeducativo pódese abordar a presenza das mulleres nos currículos escolares; a vida das mulleres ao longo do século XX e na actualidade, coa axuda de testemuños directos recollidos na familia; as situacións laborais discriminatorias no contorno e/ou fóra del; a presenza de homes e mulleres no espazo público; os proxectos de realización persoal de mulleres e homes; a percepción da violencia por parte de homes e mulleres; etc.

Tras a realización da escolla e da investigación do tema elixido, cómpre que o alumnado deseñe unha estratexia comunicativa para realizar a intervención. Co fin de favorecer a efectividade e a consecución do obxectivo transformador, o alumnado debe identificar a que público se quere dirixir (alumnado do centro, familias, contorno...), seleccionar os formatos que mellor cheguen a este público (cartelería, exposición, audiovisual, charlas, performance, club de lectura/debate...).

Por último, resulta clave que o alumnado sexa capaz de experimentar desde a empatía todas as conclusións das súas pescudas, coa intención de trasladalas ao plano máis privado e emocional posible.

En canto á metodoloxía, esta materia suxire unha abordaxe lineal, pero non se considera imprescindible para a consecución do obxectivo último: a intervención coeducativa. Os aspectos máis conceptuais e historicistas teñen a finalidade de encadrar o contexto teórico e epistemolóxico da loita pola igualdade entre homes e mulleres, que o alumnado adoita descoñecer, ao non afondarse a través dos currículos. A partir da visión dos marcos máis globais, procúrase que a metodoloxía sexa sempre activa para que as mozas e os mozos trasladen ao ámbito que lle resulte máis próximo ou significativo a necesidade de actuación en beneficio da continuación desa loita pola igualdade.

Proponse a metodoloxía de proxectos para garantir a integración das aprendizaxes, para poñer en práctica o traballo coeducativo a través da aprendizaxe cooperativa e, na medida das posibilidades de acción para rematar realizando unha intervención que traslade ao contexto educativo as solucións identificadas polo alumnado.

Coeducación para o Século XXI (1º curso de bacharelato)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 1. Historia dos feminismos. Do patriarcado á reivindicación do principio de igualdade				
a b c h	B1.1 A orixe do patriarcado.	B1.1 Describir o concepto de patriarcado.	COE B1.1.1 Valora o patriarcado coma unha forma de organización sociopolítica e identifica as principais estruturas que o sustentan.	CSC CCEC
a b c h	B1.2 O principio de igualdade e os dereitos de cidadanía.	B1.2 Analizar a relevancia da igualdade na superación da sociedade estamental e no xurdimento da modernidade.	COE B1.2.1 Identifica a exclusión dos dereitos políticos das mulleres como xustificación simbólica doutras exclusións: dereito sobre a propiedade, á familia, á educación, ao traballo, ao domicilio, ao matrimonio, á herdanza... analizando diversas épocas a través de textos, películas e obras literarias.	CSC CCEC
a b c d h	B1.3. Definición de feminismo.	B1.3 Interpretar diversas definicións de feminismo.	COE B1.3.1 Define o feminismo como unha teoría crítica da sociedade e recoñece as súas características como movemento social e político analizando exemplos na historia moderna.	CCL CSC CCEC
a b c d h	B1.4 Antes da Ilustración: o memorial de agravios. A “querela das mulleres”. B1.5 A primeira vaga feminista: as loitas e os logros da época da Ilustración. A “cuestión das mulleres”. B1.6. As políticas de inclusión na esfera pública.	B1.4 Identificar as figuras máis destacadas e os trazos principais das primeiras posicións de denuncia da desigualdade das mulleres.	COE B1.4.1 Recoñece as queixas e a defensa expresadas en textos das primeiras etapas de denuncia das desigualdades que sufrían as mulleres.	CSC CCEC
a b c h	B1.7 A segunda vaga: o sufraxismo. B1.8 As relacións entre o movemento de reivindicación dos dereitos civís e os movementos políticos e sociais.	B1.5 Coñecer as personaxes e os fitos históricos máis salientables da etapa do sufraxismo.	COE B1.5.1 Recoñece as achegas e estratexias máis relevantes do sufraxismo americano e británico no seu contexto político e social.	CSC CCEC
a b	B1.8 A terceira vaga: as loitas e os logros da década de 1970. B1.9 Figuras da época: Betty Friedan, Simone de Beauvoir e Kate Millet.	B1.6 Analizar a influencia das figuras máis destacadas desta etapa.	COE B1.6.1 Identifica as tendencias e as preocupacións das feministas da época a través dos seus textos.	CSC CCEC

Coeducación para o Século XXI (1º curso de bacharelato)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
c d h				
a b c d h	B1.10 A loita feminista en España e en Galicia: características e figuras máis destacadas. B.1.11 O dereito da educación nos textos da época: Padre Feijoo, Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán.	B1.7 Explicar a importancia das figuras da época na introdución da polémica feminista e na demanda do dereito á educación para as mulleres neste período.	COE B1.7.1 Analiza, a través de textos e películas, as demandas feministas presentes en Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán.	CAA CSC CCEC
a b c h	B1.12 O sufraxismo en España.	B1.8 Explicar as posturas defendidas na época arredor do sufraxio feminino.	COE B1.8.1 Valora a figura de Clara Campoamor e a súa defensa do sufraxio feminino.	CSC CSIEE
a b c d e h	B1.13 Os dereitos das mulleres na II República.	B1.9 Explicar o que supuxo para para as mulleres a modernización social e política durante a II República.	COE B1.9.1 Describe os avances lexislativos en materia de dereitos na época da II República.	CSC CSIEE
a b c e h	B1.14 Os dereitos das mulleres durante a ditadura franquista. B1.15 Estereotipos de masculinidade e feminidade durante a ditadura.	B1.10 Valora o que supuxo a ditadura franquista no proxecto de vida persoal e profesional de homes e mulleres da época.	COE B1.10.1 Recrea e interpreta, a través da análise da propaganda da época, o prototipo feminino e masculino da etapa franquista.	CCL CAA CSC CSIEE
a b c h	B1.16 Os dereitos das mulleres durante a transición democrática.	B1.11 Valorar o impacto do feminismo na transformación da sociedade desde a Transición.	COE B1.11.1 Investiga sobre os cambios que se produciron na Transición respecto da etapa anterior e sobre os colectivos que os protagonizaron.	CCL CD CAA CSC
a	B1.17 A axenda feminista na actualidade.	B1.12 Identificar e describir os temas de interese e preocupación feminista na actualidade.	COE B1.12.1 Investiga sobre a axenda feminista actual e identifica as preocupacións das mulleres segundo o seu contexto.	CCL

Coeducación para o Século XXI (1º curso de bacharelato)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
b c h				CAA CSC CSIEE CCEC
Bloque 2. Feminidades e masculinidades. A construción de identidades igualitarias				
a b c h	B2.1 O sistema sexo-xénero. B2.2 A construción social do xénero.	B2.1 Distinguir de que xeito os xéneros asignan características diferentes segundo sexa o sexo biolóxico da persoa.	COE B2.1.1 Identifica as influencias dos distintos axentes socializadores na construción do xénero a través da publicidade, da literatura, da música, das actividades de lecer etc.	CCL CD CAA
a b c	B2.3 Estereotipos e roles de xénero. O sexismo e os prexuízos sexistas. Socialización diferenciada e devaluación do feminino.	B2.2 Reflexionar sobre como inflúen os estereotipos e os roles de xénero no pensamento, na actuación e sentir de mulleres e homes.	COE B2.2.1 Analiza criticamente a influencia dos estereotipos no desenvolvemento persoal (itinerarios formativos, relacións persoais...).	CCL CAA CSC
a b c	B2.4 Estratexias de visibilización libre de estereotipos (modelos de conduta, mito da beleza, valor social, etc.).	B2.3 Recoñecer modelos de comportamento libres de estereotipos sexistas.	COE B2.3.1 Distingue pautas de comportamento libres de estereotipos sexistas e exemplifícaa ou represéntaa a través de contextos da vida cotiá.	CCL CD CAA CSC
a b c	B2.5 Construción dun proxecto de vida persoal e profesional igualitario: - O empoderamento das mulleres e o seu proxecto de vida persoal. - As novas masculinidades e o papel dos homes na igualdade.	B2.4 Identificar novos modelos de masculinidade e feminidade e comprender e argumentar os beneficios que ten para a autonomía persoal.	COE B2.4.1 Analiza a sociedade como unha realidade en transformación para homes e mulleres a través de casos reais.	CCL CD CAA CSC
a b c	B2.6 A relación co propio corpo.	B2.5 Analizar as consecuencias da feminidade e masculinidade tradicional no benestar e na saúde de mulleres e homes.	COE B2.5.1 Identifica exemplos da vida cotiá nos que se amosen os actuais canons de beleza e deduce como inflúen no benestar e na saúde.	CMCT CD CAA CSC
a b c	B2.7 A diversidade e a expresión da identidade sexual e de xénero. B2.8 Modelos de familias e formas de convivencia.	B2.6 Comprender e respectar a diversidade sexual e de xénero na construción persoal e familiar.	COE B2.6.1 Valora a diversidade na orientación sexual e nos modelos de familias.	CD CAA CSC

Coeducación para o Século XXI (1º curso de bacharelato)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
a b c	B2.9 Educación emocional e afectivo-sexual. A expresión das emocións: alfabetización e xestión emocional, relacións amorosas, amor romántico.	B.2.7 Comprender como a socialización incide na expresión ou represión emocional de mulleres e homes.	COE B2.7.1 Recoñece a necesidade de valorar a educación emocional nos homes e o empoderamento nas mulleres.	CAA CSC
a b c	B2.10 Relacións afectivas e sexuais: mitos e conduta.	B.2.8 Deconstruír mitos e falacias da educación afectivo-sexual tradicional.	COE B.2.8.1 Constrúe unha visión persoal positiva da educación sexual e afectiva.	CCL CAA CSC
a b c	B2.11 A corresponsabilidade e a ética do coidado. B2.12 O proxecto de vida profesional: orientación laboral libre de estereotipos.	B.2.9 Analizar con espírito crítico a participación de homes e mulleres nos ámbitos públicos e privados.	COE B.2.9.1 Analiza o cambio que supón adquirir novas cotas de participación en tarefas de coidado e ocupación laboral (a través de estatísticas, novas de actualidade etc.).	CAA CSC
		B.2.10 Analizar os factores laborais que inciden no desenvolvemento do proxecto de vida persoal e profesional.	COE B.2.10.1 Analiza con capacidade crítica o funcionamento do ámbito formativo e laboral desde unha perspectiva de xénero.	CAA CSC
Bloque 3. Expresión social da violencia contra as mulleres				
a b c	B3.1 A violencia de xénero: concepto e exemplos. A violencia como manifestación extrema da desigualdade en distintos ámbitos (laboral, de parella etc.).	B.3.1. Identificar a violencia contra as mulleres como manifestación dunha desigualdade social.	COE B.3.1.1 Identifica situacións da vida real na que se evidencia a violencia de xénero e realiza hipóteses sobre as súas causas.	CAA CSC
a b c d	B3.2 As formas de violencia. B3.3 Manifestación da violencia de xénero no ámbito laboral. B3.4 A violencia contra as mulleres no mundo.	B.3.2. Analizar información de actualidade para coñecer a repercusión e o impacto das distintas formas de violencia ás que están expostas as mulleres en todo o mundo.	COE B.3.2.1 Analiza a expresión e repercusión da violencia contra as mulleres a través de casos reais tirados de textos de actualidade.	CAA CSC CSIEE CCEC
a b c	B3.5 As relacións de parella na adolescencia. B3.6 Manifestacións da violencia de xénero nas relacións de parella: violencia psicolóxica, económica, física e sexual.	B.3.3. Analizar información de actualidade para coñecer a repercusión e o impacto da violencia no seo da parella.	COE B.3.3.1 Identifica as manifestacións da violencia de xénero na parella na adolescencia.	CAA CSC
			COE B.3.3.2 Extrae conclusións sobre o clima de convivencia que se dá dentro da parella adolescente, atendendo os distintos tipos de relacións.	CAA CSC
a b	B3.7 Relacións de convivencia entre iguais (respecto, liberdade, comunicación non violenta, asertividade, empatía, resolución pacífica de conflitos, empoderamento feminino, autonomía,	B.3.4. Identifica fórmulas de mellora da convivencia que contribúan a solucionar as situacións de discriminación e	COE B.3.4.1 Analiza dilemas morais de xénero en contextos interpersoais e propón solucións aos conflitos formulados.	CAA CSC

Coeducación para o Século XXI (1º curso de bacharelato)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
c e m	autoestima, xestión das emocións etc.).	desigualdade desde unha perspectiva de xénero.		
			COE B.3.4.2 Expón unha proposta persoal de solucións que contribúan a paliar as desigualdades e violencias que sofren as mulleres desde a mellora das relacións interpersoais.	CAA CSC
Bloque 4. Proxecto coeducativo				
a b c e h m	B4.1 Proxecto de intervención socioeducativa no contorno. Identificación de desigualdades e deseño de propostas para o cambio.	B.4.1. Realizar un proxecto colaborativo integrado no medio en que vive, encamiñado á posta en marcha dunha intervención sociocomunitaria con perspectiva de xénero coa que se procure camiñar cara á igualdade entre homes e mulleres.	COE B.4.1.1 De xeito colaborativo, identifica unha situación discriminatoria, observa unha actuación contraria aos valores coeducativos e diseña unha actividade de intervención social.	CAA CSC CSIEE
a b c e h m	B4.2 Deseño do proxecto coeducativo. B4.3. Definición do obxecto de interese. Identificación dunha desigualdade en calquera ámbito social (centro educativo, empresa, institucións, lecer, medios de comunicación, cultura...). Análise das fontes e realización do diagnóstico. Xustificación da súa necesidade. Obxectivos e contidos.	B.4.2. Investigar sobre as situacións de discriminación que sofren as mulleres nun contexto determinado.	COE B.4.2.1. Recoñece as múltiples situacións discriminatorias cara ás mulleres, vinculándoas con algúns factores como a raza, a relixión, a idade, a clase social, a situación socioeconómica, a cultura, a lingua...	CAA CSC CSIEE CCEC
		B.4.3. Manexar fontes de información e extraer o contido de interese con perspectiva de xénero.	COE B.4.3.1 Utiliza e contrasta diferentes fontes de información (orais, escritas, audiovisuais) para seleccionar e organizar a información relevante, facendo unha análise crítica desde unha perspectiva de xénero.	CCL CD CAA CSC CSIEE
a b c e g	B.4.4 Deseño da intervención. Axentes implicados. Estratexias de intervención.	B.4.4. Analizar as situacións discriminatorias observadas con perspectiva de xénero e realizar propostas de mellora.	COE B.4.4.1 Interpreta a realidade analizando as novas posicións de mulleres e homes e os beneficios que se derivan para a súa autonomía persoal.	CD CAA CSC CSIEE

Coeducación para o Século XXI (1º curso de bacharelato)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
m				
a b c e m	B.4.5 Redacción e posta en práctica do proxecto. Estratexias de comunicación non discriminatoria: a linguaxe non sexista.	B.4.5. Redacta os textos que soportan o proxecto de traballo empregando unha linguaxe non discriminatoria.	COE B.4.5.1 Utiliza unha linguaxe non discriminatoria e eficaz na comunicación oral e escrita.	CCL CAA
		B.4.6. Implementa a estratexia de acción da intervención social planificando os recursos cos que se pode contar.	COE B.4.6.1 Realiza de xeito colaborativo, sen incorrer en estereotipos de xénero, a planificación dunha intervención de mellora das discriminacións de xénero no contorno inmediato.	CD CAA CSC CSIEE
a b c m	B.4.6 Avaliación dos resultados. Reflexión persoal sobre o impacto deste traballo na contorna socioeducativa e no seu propio desenvolvemento como ser humano.	B.4.7. Avaliación da contribución de homes e mulleres ao proceso de elaboración e desenvolvemento do proxecto e mais da súa propia contribución.	COE B.4.7.1 Recoñece que o proxecto supuxo un avance na súa traxectoria como axente activo de cambio e transformación social.	CAA CSC CSIEE